

AI LAB GALICIA 2025 | Culturgal

Dámosvos a benvinda a AI LAB Galicia 2025, un encontro pioneiro no que exploramos o papel da intelixencia artificial dende unha perspectiva crítica, analítica e profundamente humanista.

O noso obxectivo é comprender a fondo a tecnoloxía, reflexionando sobre o que pode achegar, que riscos implica e a que retos nos enfrontamos como sociedade, sempre abrindo espazos para debater os seus pros e contras con rigor e transparencia.

O evento desenvolverase ao longo de tres xornadas, cada unha centrada nun eixo fundamental:

Día 1 (Venres 28): posta en común, conferencias e talleres prácticos para achegar ferramentas reais e aplicables ao tecido cultural, educativo, empresarial e institucional.

Día 2 (Sábado 29): festival de pezas audiovisuais creadas con IA, un espazo para ver exemplos inspiradores, coñecer proxectos innovadores e reflexionar sobre as novas narrativas dixitais.

Día 3 (Domingo 30): xornada de encontro final e entrega de premios no que celebraremos a creatividade, o talento e a experimentación tecnolóxica.

En AI LAB Galicia 2025 poremos especial atención na parte práctica: aprendizaxe activa, demostracións, casos reais e escenarios que permitan as/aos participantes incorporar a IA ao seu día a día con criterio propio e visión a longo prazo. Un evento para coñecer, debater, crear... e imaxinar colectivamente o futuro da intelixencia artificial en Galicia.

Programa: AI LAB Galicia 2025

OBRADOIRO - Venres 28 de novembro

10:00 - 10:30 Presentación

10:30 - 11:15 Desafíos da IA na industria cultural. Alby Ojeda
Un repaso dende o alto do impacto a nivel social, laboral, xeoestratéxico e creativo da Intelixencia Artificial na industria cultural.

11:45 - 13:45 Acelerar a creación dun documento de venda dun guión con IA. Alby Ojeda

Bloque 1: A tecnoloxía.

Bloque 2: ChatGPT como asistente para o creador.

Bloque 3: Caso Práctico: Creación dun documento de venda.

13:45 - 15:30 PAUSA PARA COMER

15:30 - 16:00 Como a IA xera imaxes. Pablo Escobedo Romero
Un paseo pola tecnoloxía. Como foron adestrados os modelos de IA xenerativa e como traducir o que imaxinamos a un prompt. Principais ferramentas do mercado.

16:00 - 16:30 Crear imaxes sintéticas. Pablo Escobedo Romero
O prompt é unha ferramenta creativa e técnica. Fundamentos, procesos e trucos para lograr o prompt axeitado.

16:30 - 16:45 DESCANSO

16:45 - 17:30 Xerar vídeo. Pablo Escobedo Romero
Como se xera vídeo: text-to-vídeo e imaxe-a-vídeo. Distintos procesos e fluxos de traballo para expandir as posibilidades artísticas nun proxecto. Creación de personaxes, escenarios, personaxes e estilo para un storyboard.

17:30 - 18:00 Dar vida a unha obra audiovisual. Pablo Escobedo Romero
Coherencia da imaxe. Creación de audio e voces. Escalado e cor.

PROYECCIÓN DE PEZAS AUDIOVISUAIS - Sábado 29 de novembro, de 10:00 a 14:00 h.

ENTREGA DE PREMIOS - Domingo 30 de novembro

Toda a programación e info en: <https://ailab.gal/>
Contacto: info@ailab.gal

ALBY OJEDA

DESEÑADOR NARRATIVO SENIOR E DESEÑADOR DE PRODUTO

Entre 1998 e 2011, Alby Ojeda traballou en cinema, televisión e publicidade, destacando como director de fotografía e produtor asociado en *Gritos en el Pasillo* (2006) e como co-guionista en *Zombie Western: The Legend of the Dark Butcher*.

A partir de 2009, especialízase en narrativa interactiva para videoxogos, escribindo guións para licenzas como *My Little Pony* (2024), *Hotel Transylvania* (2021), *La Patrulla Canina* (2020), *Crisol: Theater of Idols* (2022) e proxectos para o Real Madrid (2015).

Ademais, Alby Ojeda leva dende 2017 explorando a intelixencia artificial e os chatbots, sendo finalista en concursos con proxectos como *Demetrio, el Bot Hortelano*. Actualmente, traballa como Diseñador de Produtos na Axencia Wells con solucións de IA para PEMES, e dirixe o Laboratorio Skip Intro, especializado na aplicación de IA na industria audiovisual e do videoxogo.

DESAFÍOS DA IA NA INDUSTRIA CULTURAL

Un repaso dende o alto do impacto a nivel social, laboral, xeoestratéxico e creativo da Intelixencia Artificial na industria cultural, reconfigurando empregos, modelos de negocio, fluxos de traballo, dereitos de autor e produtos culturais.

PABLO ESCOBEDO

CREATIVO ESPECIALISTA EN IA XENERATIVA

Pablo é un creativo no sector da comunicación e a publicidade, xornalista de formación e creador de historias de vocación. Dende a publicación de GPT-3 e DALL-E 2 tivo claro que estabamos ante un cambio cultural imparable e púxose ao choio dende o minuto un.

Dende entón estivo vinculado á IA xenerativa en practicamente todo o que fai, dende a formación ate a produción audiovisual. Foi o creador de exposicións de imaxe sintética como *Magnia* e pódcasts xenerativos como *Relatos sintéticos*. É ademais artista IA para a conceptualización e creación de anuncios publicitarios e curtametraxes, das que destaca o anuncio *Andalusian Crush*, galardoado cun premio Control Publicidade e protagonizado por John Cleese dos Monty Python. Algúns destes proxectos mereceron tamén premios IAB, Dircom y Webby.

RODAR COA IMAXINACIÓN: CINEMA XENERATIVO

Cando a IA xeraba mans con seis dedos rían de ti. Cuando Will Smith comezou a comer espaguetis pola orella, riron de ti. Agora que podes facer cinema de principio a fin a base de *prompts*, es ti quen ten algo que dicir.

Nesta parte do obradoiro aprenderemos os fundamentos dunha tecnoloxía que avanza a pasos vertixinosos, pero que queremos poñer ao servizo da arte e a creación audiovisual: dende as técnicas de *prompt* máis empregadas e a composición dun *storyboard*, ate a animación e as ferramentas que permiten obter actuacións realistas que emocionen, sen esquecer o escalado e refinado do vídeo final.